

PEZA DO MES

xuño

2003



FÍBULA


FÍBULA CRUCIFORME.

SÉC. IV D.C.

BRONCE SOBREDOURADO

ESTA PEZA ÁBRENOS AS FIESTRAS ÓS PROBLEMAS DA VIDA COTIÁ E DO
COMERCIO NESTA ETAPA DO IMPERIO ROMANO DENDE UN RECUNCHO DA
PROVINCIA DE OURENSE





FÍBULA

O xacemento de Cobelos, onde asenta a villa romana do Río Caldo, descubriuse no marco dunha prospección do territorio, promovida polo Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense, no ano 1988, dentro dun programa de avaliación de impacto do encoro de Lindoso, aínda que podan referirse ó mesmo algunhas mencións anteriores. Logo da descuberta, fíxose unha sondaxe (1989) e, posteriormente, varias campañas de intervención arqueolóxica no xacemento por unha equipa dirixida polo Dr. Xusto Rodríguez, co apoio económico do Concello de Lobios e mailo Instituto Nacional de Emprego (INEM) (1990-93) e da Consellería de Cultura (1996), facéndose unha proposta de aproveitamento socio-cultural que só deu os seus primeiros pasos. Os traballos, apesares da súa limitada extensión, permitiron o recoñecemento dunha villae, na que, amáis de niveis de ocupación medieval, pouco definidos, se documentan diversas estruturas dunha ocupación baixoimperial (séc. III-V d.C.) e se albiscan niveis de ocupación altoimperial, arrasados polas estruturas posteriores.

A escavación dos niveis mellor documentados puxo o descuberto unha serie de estancias correspondentes á *pars urbana* dunha casa de campo, que puido ter asumido tamén funcións de *mansio* itineraria pola súa proximidade á via romana e a súa propia ubicación métrica. A construción, complexa, permite ver unhas termas privadas, nas que apareceron, entre outro diverso material, un pendente aureo e a fíbula que nos ocupa, e, inmediato, un ambiente de cociña, con dúas habitacións, unha delas con lareira central e outra cun forno, disposición xeral que segue as pautas de Vitrubio no seu tratado De Arquitectura.

A fíbula é unha peza de bronce, relativamente ben conservada, cunhas dimensións máximas de 73 x 17 x 20, identificable coma unha fíbula romana do século IV d.C., do tipo coñecido coma cruciforme ou de besta, segundo atendamos a súa forma ou mecanismo seguindo tamén as nomenclaturas francesa (*cruciforme*, diferenciándoas daquelas “*á l’arbête*”, de besta propiamente, das que se considera que son a lóxica evolución) ou inglesa (*crossbow*), e que foi sistematizado por Keller en 1971 (*Zwiebelknopffibeln*, de bulbos de cebola, coma a denominou Behrens en 1950, con seis variantes), ó que seguen e precisan os estudos posteriores de Jobst sobre Lauriacum (1975), Feugère sobre o sur da Gallia (19), Hattatt sobre as británicas e da súa colección (1985 e 1987) e Protzel (1988), que propon unha nova sistematización.

Recentemente, María Mariné ó estudar as fíbulas romanas da meseta (2001) denomínalas de charnela entubada ou “senatorial”.

A fíbula (pois pensamos que compre deixar o termo fibela para as de tipo anular ou en omega, as *penanular broochs* inglesas, sistematizadas por Fowler) presenta un pé recto que cubre o enganche da agulla, aberto nun lateral, un arco semicircular (o que fixo que nalgúns momento se denominasen fíbulas en “P”) con sección trapezoidal e lixeiramente desviado do eixo do pé, e unha cabeza formada por un brazo transversal que remata en senllos bulbos de cebolas; un terceiro bulbo se sitúa no remate no eixo da agulla que se suxeita por un pasador colocado no brazo transversal. Na parte superior do pé aparecen unhas pequenas e esvaídas volutas simétricas.

cas, e no brazo transversal hai tamén un aplique, a ámbolos dous lados do arco, con perforacións nas que iría no seu tempo algunha cadeíña, como coñecemos doutros exemplos e dalgunhas figuracións pictóricas ou escultóricas. Está sobredourada, aínda que perdeu parte do tratamento pola corrosión sufrida pola paso do tempo.

Iste tipo, do que o exemplar máis próximo é un achado casual realizado en Baños de Bande, publicado por Ladislao Castro, de feitura moi semellante, aparece por todo o ameto do Imperio, dende Oriente Próximo a Britania, de Xermania pasando pola Galia (onde Feugère cataloga 41 pezas) ó Norte de Africa (onde Gerharz en 1987 documenta 35 exemplares), aínda que na Península Ibérica non son moi abondosas (as referenciadas son as de Belo, Bolonia, Cádiz; Pla de Horta, Girona; a de Mérida –casa do Mitreo–, e Pesquero, Badajoz, aínda que de tipos diversos dos nosos).

Iste tipo de fíbula chamou moi cedo a atención polas testemuñas que dil aparecen en representacións figuradas en mármore, mosaico ou na eboraria. Así aparece en diversas representación escultóricas ou musivarias da época (século IV e comezos do séc. V), precisamente con representación de altos dignatarios imperiais e do propio Emperador, o que, co feito de teren aparecido moitas sobredouradas e outras de metais preciosos, e aínda algunhas coa representación de bustos con laurea e co monograma constantiniano –identificados coma retratos da familia imperial–, e outras con inscricións, co nome e titulación imperiais, reforzou a interpretación de ser indicativos de certa distinción ou mesmo donativos ou deferencias do emperador.

Mesmo se chegou a pensar que a súa presenza vencellábase á de mandos de tropa, xa que pezas deste modelo se utilizan nos finais do Imperio para suxeitar o *paladumentum*, manto militar, e presentan grande uniformidade formal, aínda cos seus subtipos, que serviron para establecer mesmo unha secuencia cronolóxica, pero ata a data de hoxe non se ten definido ningún dos posibles talleres de fabricación, que E. Riha (1979) suxire serían poucos, atendendo ás grandes semellanzas que presentan.



DETALLES CONSTRUCTIVOS DA PEZA.

O xacemento sitúase nas beiras da vía romana que enlazaba Bracara Augusta con Asturica Augusta a traveso das terras da que hoxe é provincia de Ourense e que, pola súa mención con ise número no Itinerario de Antonino, é coñecida coma Via XVIII. Trátase dunha das que serveu para articular o territorio do Noroeste peninsular, particularmente atravesando unha zona con amplas e numerosas explotacións miñeiras, sobre todo auríferas, que se cree construída no último tercio do século I d.C. e que se mantivo activa durante todo o Imperio, coma testemuñan numerosos miliarios de diversas épocas, particularmente do século IV, e aínda despois, na Idade Media, periodo na que é coñecida parcialmente como *Caminho da Rainha Santa*.



HISTORIA DO MUSEO

No ano 1895, a Comisión Provincial de Monumentos Históricos e Artísticos de Ourense decidiu crear un Museo Arqueolóxico Provincial no que se puidesen conservar tódolos testemuños do pasado histórico da provincia e onde se puidesen reunir os dispersos tesouros que formaron parte do Museo de Pinturas, que a propia Comisión establecera en 1845 e que funcionou como tal ata 1852. O Museo abriu ó público ó ano seguinte, en 1896. En pouco tempo as coleccións crearon considerablemente e fíxose necesario un espazo máis amplo, dando lugar ós primeiros traslados, que por sucesivas desgracias non remataron ata o ano 1951. Neste ano adquiriuse a súa actual sede, o edificio que desde o século XII fora Palacio Episcopal.

O EDIFICIO

O edificio onde ten a súa sede o Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense, adquirido para este fin en 1951, foi con anterioridade Palacio Episcopal. Edificado no primeiro tercio do século XII polo bispo don Diego II (1100-1132), conserva parte do seu núcleo orixinal. A construción deste núcleo prolongouse ata o episcopado de D. Lorenzo (1218-1248), ó que se lle foron engadindo elementos góticos (torre de Santa María), renacentistas (soportais do xardín) e barrocos (portada, patio dianteiro), conformando un monumento singular, que mereceu a declaración de monumento histórico-artístico por Decreto do 3 de xuño de 1931. Durante toda a Idade Media desempeñou un papel destacado na organización urbana.

HORARIO DO MUSEO

Temporalmente permanecerá pechado, por obras de reforma e acondicionamento.

Visite a nosa páxina.

<http://www.xunta.es/conselle/cultura/mapo>

PEZA DO MES:

EDITA: Museo Arqueolóxico. TEXTO: Francisco Fariña Busto. FOTOGRAFÍA: Fernando del Río.

MAQUETA: Araceli Gallego. IMPRIME:A.G. Vicus, S.A.L.

ISSN: 1579-9956 DEPÓSITO LEGAL: VG-638-2003

